

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP COUCEIRO FREIJOMIL

CURSO: 2019-2020

NIVEL: 1º

EDUCACIÓN PRIMARIA

DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
LCB1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, adquirindo unha estrutura coherente e incorporando novo vocabulario.	LCB1.3.1. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.
LCB2.1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	LCB2.1.1. Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada
LCB3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas elementais, coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	LCB3.1.1. Escribe palabras, frases, textos breves propios do ámbito da vida cotiá, imitando textos modelo.
LCB3.2. Aplicar un proceso de escritura na produción de textos escritos de acordo con modelos sinxelos	LCB3.2.2. Aplica correctamente as normas ortográficas básicas. LCB3.2.3. Reproduce frases ou textos ditados con corrección.
LCB4.1. Seguir un método sistemático de lectoescritura motivador.	LCB4.1.1. Interioriza progresivamente o proceso de lectoescritura.
LCB4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	LCB4.3.1. Incorpora na súa expresión oral e escrita novo vocabulario relativo a ámbitos próximos.
LGB5.4. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LGB5.1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
MTB2.1. Ler, escribir e ordenar os números naturais ata o 99, utilizándoos na interpretación e na resolución de problemas en contextos reais.	MTB2.1.3. Le, escribe e ordena números naturais ata o 99, aplicándoo a textos numéricos e a situacións da vida cotiá.
MTB2.2. Realizar cálculos numéricos básicos coas operacións de suma e resta, utilizando diferentes estratexias e procedementos	MTB2.2.1. Realiza sumas e restas con números naturais, empregando os algoritmos aprendidos, en contexto de resolución de problemas.
MTB3.1. Elixir a unidade máis adecuada e utilizar o instrumento apropiado segundo a magnitude para medir obxectos, espazos e tempos con unidades de medida non convencionais e convencionais	MTB3.1.1. Utiliza os instrumentos e as unidades de medida máis adecuados para medir obxectos, espazos e tempos, explicando oralmente o proceso seguido.
MTB3.2. Interpretar textos numéricos sinxelos relacionados coa medida para resolver problemas de medida de tempo en contextos reais.	MTB3.2.2. Identifica os días da semana, os meses do ano, e as estacións, relacionándoos con eventos escolares e meteorolóxicos.
MTB4.1. Interpretar mensaxes sinxelas que conteñan informacións sobre relacións espaciais, utilizando os conceptos esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo e preto lonxe.	MTB4.1.3 Realiza un percorrido a partir dunha información oral que inclúa os conceptos esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo e preto-lonxe.
CNB2.1. Coñecer as principais partes do corpo humano e as súas principais características utilizando os coñecementos para elaborar estratexias para o	CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano.

desenvolvemento dunha vida saudable.	
CNB2.3. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: alimentación variada, hixiene persoal, exercicio físico regulado sen excesos ou descanso diario.	CNB2.4.1. Desenvolve hábitos para o coidado do corpo, valorando a hixiene persoal, o desanso, o uso adecuado do tempo libre e a atención ao corpo. CNB2.5.1. Desenvolve hábitos para a prevención de enfermidades e accidentes na aula e no centro.
CNB3.1. Realizar observacións de seres vivos, formulándose previamente e durante estas, cuestións para obter información relevante.	CNB3.1.1. Observa e describe múltiples formas de vida e identifica as diferenzas entre seres vivos e os obxectos inertes.
CNB4.2. Describir algunhas medidas de reciclaxe e reutilización de materiais en situacións cotiás.	CNB4.2.2. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na aula e no centro.
CSB2.4. Observar, indagar e coñecer algunhas características do Sol, da Lúa e das estrelas, describindo algúns fenómenos cotiás como o día e a noite.	CSB2.4.3. Observa algúns elementos e fenómenos naturais como o día e a noite, e explica oralmente por que se produce.
CSB4.2. Ordenar temporalmente algúns feitos relevantes da vida familiar ou do ámbito máis próximo, utilizando métodos sinxelos de observación e unidades de medida temporais básicas (día, semana, mes e ano).	CSB4.2.1. Ordena cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utiliza para iso as unidades básicas de tempo: hora, día, mes e ano.
VSCB2.3. Comprender outras persoas, detectando e expresando as súas características, identificando as súas emocións e entendendo as súas actuacións.	VSCB2.3.2. Recoñece e explica sentimentos e emocións dos demais.
VSCB3.4. Recoñecer sinais de tráfico útiles para peóns que se han de respectar decote representándoos e seguindo as súas indicacións.	VSCB3.4.3. Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.
EPB2.1 Identificar e diferenciar distintos tipos de liñas e posteriormente reproducilas.	EPB2.1.4. Realiza debuxos de obxectos sinxelos e cotiás utilizando liñas verticais e horizontais.
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros. EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.
B1.2. Buscar de maneira guiada a información facendo uso das TIC.	B1.2. 1. Utiliza de xeito guiado as TIC na procura da información das propostas de traballo. B1.2. Participa nas actividades propostas

B5.1.Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene e a alimentación e os hábitos posturais sobre a súa saúde e o benestar.	B5.1.1. Intenta cumprir, de xeito especial no actual contexto no que nos atopamos, as normas básicas de coidado do corpo en relación coa hixiene e a saúde. B5.1.3. Inicia a incorporación como axente de saúde, da actividade física á súa rutina diaria.
B1.1-Identificar e valorar a Creación como acto de amor de Deus ao home.	RECB1.1.1-Coñece, respecta e cuida a obra creada.
B2.1-Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home.	RECB2.1.3-Enseña e representa as características da amizade de Deus co home:coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc
B3.1-Recoñecer e estimar que Xesús faise home no seno dunha familia.	RECB3.1.2-Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza sa súa.
B3.3-Coñecer e ordear os principais momentos da paixón, morte e resurrección de Xesús.	RECB3.3.1-Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.
Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	Comprende o esencial das mensaxes e instrucións do docente referidas a actividade habitual
Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades)	Participa nas rutinas diarias (dia da semana, mes, tempo atmosférico) e comprende o vocabulario
Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral relativo a situacións cotiás	Comprende as fórmulas básicas de relación social(saudos, presentacións)
Imitar un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais e rítmicos e de ton básicos.	Comprende vocabulario como nome, idade, o seu corpo, animais e familia.
PLE-B1.1 Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1 - Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
PLE-B2.1 Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	PLEB2.1 – Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
PLE-B2.3 Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB2.4 – Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
PLE-B3.2 Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.	PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.

COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA: CMCT

- 1.- Identificar e manipular, con precisión, elementos matemáticos (números, datos...) en situacións cotiás.
- 2.- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- 3.- Respetar e preservar a vida dos seres vivos.

COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA: CCL

- 1.- Comprender o sentido dos textos escritos.
- 2.- Gozar coa lectura.
- 3.- Expresar oralmente de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.
- 4.- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais básicas para elaborar textos escritos.

COMPETENCIA DIXITAL: CD

- 1.- Utilizar e manexar as ferramenta dixital: Blog de Aula.

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER: CAA

- 1.- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- 2.- Esforzarse e perseverar na aprendizaxe: atender, participar e realizar as actividades con interese.
- 3.-Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS: CSC

- 1.- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- 2.- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situación de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- 3.- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

COMPETENCIA SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR: CSIEE

- 1.- Manifestar autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, coidando a súa presentación.
- 2.- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- 3.- Ser constante no traballo, superando as dificultades.

COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS: CCEC

- 1.- Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente na galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.
- 2.- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- 3.- Apreciar, valorar e respetar os diferentes tipos de expresión plástica.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none">-Probas de avaliación escritas e orais do 1º e 2º trimestre.-Evidencias dos estándares de aprendizaxe do 1º e 2º trimestre e da adaptación dos estándares para o 3º trimestre.-Avaliación do desenvolvemento dos obxectivos didácticos.-Probas de recuperación para a atención á diversidade.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">-Diario de aula.-Observación e seguimento dos procesos de aprendizaxe.-Supervisión das actividades non presenciais.
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none">-Para a valoración do traballo realizado na 3ª avaliación, terase en conta as circunstancias individuais do alumnado neste 3º trimestre.-O alumnado que por motivos persoais non puidera realizar as actividades propostas para o 3º trimestre, a súa nota final axustarase á media da 1ª e 2ª avaliación. Igualmente o que puido realizar as actividades, terá unha cualificación final da media da 1ª e 2ª avaliación, que supoñerá un 80% das dúas, máis un 20% adicional pola terceira avaliación.-O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.-Os criterios de promoción aplicaranse sempre pensando non prexudicar ao alumnado polo cambio á metodoloxía non presencial.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Actividades dos libros e fichas que traballen sobre os estándares definidos no terceiro trimestre. -Actividades que desenvolvan as intelixencias múltiples que faciliten o cálculo, a linguaxe matemática e a resolución de problemas. -Debuxos que representan aquilo que aprenderon. -Actividades de Comprensión Lectora, Comprensión e Expresión Escrita e de Expresión Oral. -Actividades relacionados co PDI anual "Igualdade".
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Alumnado con conectividade: Traballo mediante o Blog de Aula con actividades propostas semanalmente. -Alumnado sen conectividade: Traballo mediante material fotocopiado que se envía as casas semanalmente, ao través do proxecto de axuda escolar: "Deberes na Casa" facilitado polo Concello, en colaboración con Protección Civil e Policía Local.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>TITORÍAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Os libros do alumnado para as áreas de Matemáticas e Lengua Castellana de 1º E.P. -A proposta didáctica para as diferentes materias de 1º E.P. -Os recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación. -O libro dixital. -O Blog de Aula: "Primeiros Pasos". -A web do colexio. -Correo electrónico de aula. <p>ESPECIALIDADES:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Correo electrónico, recursos e aplicacións online, materiais impresos, páxina web do centro e blogs das diferentes especialidades

4. Información e publicidade

<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Blog de aula: "Primeiros Pasos" -Blogs das diferentes especialidades. -Abalar Móbil -Correo Electrónico -Teléfono
<p>Publicidade</p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>